

LETRAS
2009



BIBLIOTECA
O segrel
do Penedo

XINCANA

CULTURAL

3º E 4º DE ESO

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

SE O ENIGMA RESOLVES AGORA
PASARÁS XA Á SEGUNDA PROBA

PROBA N° 1 (Ben doada, pero ollo... o resto costaravos!!)

Que cantante e compositor se agocha detrás da última entrada musical de "O Segrel"?

Cal é o título do seu último álbum e a quen ía adicado?

Ten algún comentario esa entrada? Cantos?

O Segrel do Penedo
BLOG DA BIBLIOTECA DO IES DE FENE

JUEVES 7 DE MAYO DE 2009

Os Sacapenas para Gaza nos Medios



Onte, alumnado e profesorado do noso centro presentamos ante distintos medios de comunicación a iniciativa "Sacapenas para Gaza".

Xan Morales, de **RadioFusión**, convocounos o martes ás 11.30 na Casa do Concello de Fene pois según el *"Unha iniciativa tan fermosa hai que dala a coñecer"*.

Cando chegamos a nosa sorpresa foi enorme xa que alí estaban a xefa de prensa do alcalde, Pitusa de RadioFusión, as cámaras de Localia TV, fotógrafos... en fin todo un despliegue de medios aos que, temos que confesar, non estamos acostumbrados, pero o motivo pagaba a pena.

Contamos como unha iniciativa, que xurdira no **CEIP A Rúa**, se espallara a través das Bibliotecas Escolares por distintos centros de Galicia. Como foi acollida no noso centro e os pasos que seguimos para a elaboración dos bonecos onde non só se implicaron profesorado e alumnado senón tamén as familias.

Para nós foi todo un orgullo e moi emocionante escoitar a Laura e Roberto, alumnos de 2º e 4º de ESO, contar o que supuxo para eles esta experiencia. Laura expresou o seu desexo de que se volvera a repetir *"xa que é un bonito xeito de que os nenos e nenas aos que van destinados estes bonecos sintan o noso cariño"*, mentres que para Roberto foi *"Unha iniciativa que permitía ofrecerlle a nenos e nenas que están a vivir nunha época difícil a oportunidade de xogar, algo que para nós forma parte da normalidade, pero que no seu caso é un luxo case inalcanzable"*

O noso alcalde **Iván Puentes**, alabou o traballo que se está a desenvolver dende o noso centro *"que está á vangarda na formación non só académica, senón tamén na formación de persoas solidarias e comprometidas"* e engadiu *"Estas experiencias que valen para formar veciños e veciñas solidarios contarán sempre co apoio do Concello"*



Hoxe a noticia aparece recollida en distintos medios.
RadioFusión
Fene Cidadán
Diario de Ferrol
La Voz de Galicia

Esta semana intentaremos achegarvos o documento sonoro dende **Radio Barullo**.

SEGUIDORES

Seguir
Google Friend Connect

Seguidores (43) Más >

¿Ya eres miembro? [Acceder](#)

FOLLOW ME ON TWITTER

PROBA Nº 2



O pasado luns 11 de maio celebrouse o Día Escolar das Matemáticas e nós queremos poñer a proba os vosos coñecementos nesta materia...

Un rapaz tiña a curiosidade de saber o ano no que morreu o matemático TARTAGLIA e preguntoulle ao seu pai pola data. O pai aportoulle os seguintes datos:

- Morreu no século XVI
- A suma das cifras que forman dito ano é 18
- A cifra das unidades excede á das decenas en dous.

¿Poderías ti, utilizando estes datos, calcular de maneira razoada o ano no que morreu TARTAGLIA?

E xa que falamos de TARTAGLIA averigua o lugar de nacemento e por que se chama así.

PROBA Nº 3

A ESTA PROBA ATOPAREDES A SOLUCIÓN SE NO SEU DÍA ATENDÍCHEDES Á EXPLICACIÓN

Tedes que atopar nos fondos da nosa biblioteca un libro que responde á seguinte pista

82-3G-X
FER
uni



Debedes dicirnos o nome do autor e o título do libro:

Que prestixioso premio lle foi concedido por esta obra e en que ano?

Cantos libros hai nos fondos da nosa biblioteca deste autor?

Na páxina 75 fálanos do seu poeta preferido. Tedes que averiguar:

Nome dese poeta:

Título do libro que recolle a súa obra poética entre 1953 e 1976

ODA AL NÚMERO 0

Enrique Morón

Redonda negación, la nada existe
encerrada en tu círculo profundo
y ruedas derrotado por el mundo
que te dio la verdad que no quisiste.

Como una luna llena es tu figura
grabada en el papel a tinta y sueño.

Dueño de ti te niegas a ser dueño
de toda la extensión de la blancura.

Tu corazón inmóvil y vacío
ha perdido la sangre que no tuvo.

Es inútil segar donde no hubo
más que un cuerpo en el cuerpo sin baldío.

Redonda negación, redonda esencia
que no ha podido ser ni ha pretendido.

Sólo la nada sueña no haber sido
porque no ser es ser en tu existencia.



Fermosa esta "Oda ao número 0", non si?

Vexamos canto sabedes sobre este número...

- O cero inventouse na India cara ó século V para encher ocos daqueles números, como por exemplo 1703, onde algunha das posicións, neste caso as decenas, non tiñan cantidade ningunha.
- Na numeración romana, en cambio, non se producía este problema, e por iso puideron vivir sen o cero moitos anos.
- Pero o sistema indio presentaba moitas vantaxes e os árabes adoptárono e trouxérono a Europa.
- O primeiro matemático coñecido que empregou o cero foi Al - JWARIZMI nun libro escrito no ano 810.

Pero: ¿Cal é o nome completo deste matemático árabe?

PROBA Nº 5

Para resolver esta proba deberedes botar man dos vosos amplísimos coñecementos, eses adquiridos durante algunha das vosas estancias en "Babia" (To have one's head in the clouds!)... Ou seique nunca vos dixeron iso de..."estás nas nubes!"?



Se queredes pasar á seguinte proba, debedes dicirnos como se chama este tipo de nube. É unha pregunta ben doada, non si?

PROBA Nº 6

ESTA PROBA NON TERÁ DIFICULTADE SE XUNTOS, EN EQUIPO, A INTENTADES...

Na cidade onde está o monumento das moedas de céntimos de euro españolas, hai unha rúa que leva o nome de quen trouxo os eucaliptos a Europa. Se vas por esa rúa en sentido contrario ao do tráfico e colles a primeira rúa á dereita e logo a primeira á esquerda, cruzarás outra rúa que leva o nome dun país. De que país se trata?



Comorrrrrrrrr?



PROBA Nº 7

E xa que estamos a celebrar o
Ano Internacional da Astronomía
falemos dela...



Este verano vaise poder observar no ceo un raro fenómeno astronómico. Debedes averiguar:

- En que consistirá
- Cando terá lugar (día e hora)
- Se teredes ocasión de volvelo a ver ao longo da vosa vida. Por que?

PROBA N° 8

Baixando ao Inferno mitolóxico!!

Can Cerbero

Caronte

Sísifo

Tártaro

Ixión

Hades

Parcas

Tántalo

Estixia

Hera

Os familiares do defunto colocáronlle unha moeda na boca para que lla entregase en pagamento ao barqueiro ao chegar á lagoa Noutro lado estaba o que se asegurou de que estaba realmente morto porque nos Infernos estaba prohibida a entrada aos vivos. Foi xulgado por un tribunal presidido polo deus que non o encontrou merecedor de grandes premios e, polo tanto, non o enviou aos Campos Elisios. As Furias non o molestaron, porque non cometera nin prexuízo nin parricidio, e deixáronlle andar errante. Moi atarefadas nunha esquina estaban as, tecendo e cortando o fío da vida dos homes. Nas profundidades do Inferno, no, viu a....., sedento e famento, pero rodeado de froitos e de auga, e a, que subía unha montaña cargado cunha gran rocha, e a , castigado a xirar eternamente por cortexar á deusa

PROBA Nº 9

LE A PROBA SEGUINTE CON DETENIMIENTO E SABERÁS ONDE DEBES BUSCAR NUN MOMENTO

A tecnoloxía é o conxunto de habilidade que permiten construír obxectos e máquinas para adaptar o medio e satisfacer as nosas necesidades. É unha palabra de orixe grega, τεχνολογος, formada por *tekne* (τεχνη, "arte, técnica ou oficio") e *logos* (λογος, "conxunto de saberes")

Nesta proba imos falar dun obxecto, dun aparello... e para dar coa solución axeitada debes ler con atención a pregunta

Queremos saber o nome dun aparello de medida de forma de ferradura, que se basea no paso dun parafuso, montado nunha porca fixa, que se fai xirar e a súa apreciación é dunha centésima de milímetro.(Aí é nada!!)



PROBA Nº 10

E agora... pasemos á outra Historia!!!



Ímonos ao século XVII español

(Botica século XVII)

Debedes averiguar que valido con unha óptica centralizado-
ra, castellanizadora, instou ao seu rei para que reinase de
forma unitaria e homoxénea en todos os seus reinos.

PROBA Nº 11

E XA A PIQUES DE REMATAR DE LITERATURA IMOS FALAR



En 2009 cúmprense 60 anos da publicación dun libro de relatos emblemático da literatura arxentina e 50 da publicación en Arxentina dunha novela galega, igualmente emblemática.

Debedes atopar o título das dúas obras e o nome dos seus autores.

PROBA Nº 12

PERO COMO ÍAMOS REMATAR SEN DE RAMÓN PIÑEIRO FALAR?

“ Toda a súa vida loitou Piñeiro para conseguir que tódalas forzas políticas, económicas e sociais recoñecesen as señas de identidade de Galicia e reivindicasen os seus dereitos como pobo. E loitou con tal forza, entrega e convencemento que fixo conciencia da conciencia de Galicia. —

(Benxamín Casal: A política como un deber).



Ramón Piñeiro non participou no I Congreso Nacional de Filosofía en Braga.

Saberíades decirnos o motivo?